


GARIGOLO CAFÉ-TEATRO



“Debes ser unha persoa optimista e con confianza en ti mesma”
Francisca Álvarez González

Datos básicos

Actividade:	Hostalería
Sector de actividade	Servizos de ocio, diversión e cultura
Nº empregados	6
Inversión inicial	180.000 €
Financiamento inicial:	Fondos propios procedentes da venta de patrimonio
Web:	
Municipio:	Santiago de Compostela, A Coruña
Ano creación:	2000

Descrición do proxecto

A empresa desenvolve a actividade de café-teatro. Basicamente, brindamos os mesmos servizos que nun café-bar, co valor engadido que supón para os nosos clientes poder gozar dunha programación estable de espectáculos de todo tipo.

Datos empresa

Claves do éxito

A principal clave do éxito radica na calidade do noso servizo, así como en que mantivemos estables os prezos das consumicións ante a entrada en funcionamento do euro, o que nos aportou un alto grado de fidelización dos nosos clientes.

Por outra banda, cabe destacar que o local aparece recoñecido na guía Gourmet.

Situación actual

A situación actual mantense estable, o que me permite contar con varios traballadores a xornada completa con contrato indefinido, cuxa remuneración é a establecida por convenio.

Perfil cliente

Contamos con clientes de todas as idades. Ademais dos nosos habituais, acode moita xente procedente dos hoteis situados ó redor. O maior incremento da clientela prodúcese na época estival.



Idea inicial

A idea xurdiu a raíz dun posgrao de xestión de PYMES e cooperativas que realizou o meu marido a través do IGAPE. Ademais, consideramos que cun negocio deste tipo poderíamos proporcionar traballo ós nosos fillos mentres estivesen estudando.

Principales dificultades y amenazas futuras

As principais dificultades iniciais tiveron que ver cos trámites burocráticos necesarios para a apertura dun local deste tipo.
A aplicación da lexislación antitabaco, que en principio parecía unha forte ameaza para o negocio, non nos afectou moito.

Perfil promotores

A promotora aporta experiencia previa no sector da hostelería. O seu marido realiza a programación cultural do negocio.

Aptitudes necesarias

Debes ser unha persoa optimista e con confianza en ti mesma.



Guía de Actividad

Café-Teatro (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

No hay motivaciones relacionadas

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Aínda que son eu a empresaria, foi o meu marido o que recibiu formación en xestión empresarial, que é o que se encarga da programación das actividades do local.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, sempre é aconsellable recibir formación antes de emprender cun negocio.

Anecdotalio

Moitos clientes e amigos pídenme que lles “vote unha ollada” ós seus fillos.

